


Engurras de Paco Roca
Cómic
El Patito Editorial
Conmovedora e interesante historia para lectores de distintas idades, sobre todo para os amantes das historietas con corazón.

Yo, también de Álvaro Pastor e Antonio Naharro
Cine
A amizade entre Daniel, 1º licenciado universitario con síndrome de Down, e Laura. Personaxes que desprenden unha profunda humanidade .

Fibonacci, el sonador de números de Joseph D'Agres e John O'Brien
Álbum ilustrado
Editorial Juventud
Os números están na natureza, na poesía, na música ... como nos ensinará o neno Leonardo Fibonacci que de maior será un gran matemático.

Lume para que saia o sol de Lamatumbá Vidal
Música
Unha viaxe sonora arredor do mundo co sabor de Galicia. Mestura de xeito orixinal reggae, samba, rumba e rock.

El autobús de Rosa de Fabrizio Silei e Maurizio A.C. Quarello
Álbum ilustrado
Bárbara Fiori Editora
O avó, afroamericano, leva o seu neto a visitar o Museo Henry Ford para ver un autobús, o autobús no que Rosa Parks decidiu non ceder o seu asento a un branco. Imprescindible.




Cabana de balieiros de Tokio
Cómic
Demo Editorial
Século XIX, na Costa da Morte. Poboan o libro mariñeiros, mulleres loitadoras, ladróns, curas corruptos, sereas, demos, baleas e costumes ancestrais. Moi cercano.

Donde los árboles cantan de Laura Gallego
Editorial SM
Narrativa
Le e namórate... Acompaña a Viana ao corazón do Gran Bosque, mergúllate nos seus aromas e sobre todo escoita. Aprenderás algo que xamais esquecerás.

Alas y olas de Pablo Albo y Pablo Auladell
Álbum ilustrado
Bárbara Fiore Editora
As ás tiñan unha condición: non tentar coñecer a intimidade dos outros. Fermosa historia de amor, de aire e auga, inspirada na lenda esquimó da muller esqueleto.

La puerta de los tres cerrojos de Sonia Fernández
Música
Narrativa
Ediciones La Galera
Para todas as mentes curiosas do século XXI. Amosa dunha maneira sinxela os misterios do universo e da materia.

Huerto del Limonar. Poetas del 27 de Ana Pelegrín e Rafael Vivas
Poesía
Editorial Edelvives
Para ler e ver, emocionados. Para cantar e oír os ritmos e os silencios. Vilancicos, romances, versos libres... baixo a flor do limoeiro.



Silencio de amor de Philippe Claudell
Cine
O silencio de amor dun pai, a súa filla a descubrir a vida e un irmán soñador e rebelde que promete non saír da casa mentres Berlusconi non deixe o país. Sempre acertado Phippe Claudell.

La física de los superhéroes de James Kakalios
Editorial Robin Book
Ma non tropo
Como funciona o mundo a través de exemplos divertidos. Enganchará aos amantes da física e dos cómics.

Vivo de Clá
Música
Recolle en directo os concertos máis emblemáticos deste grupo portugués. A fusión de pop e electrónica, o post-punk, baladas, mergullo no pasado... A enerxía das actuacións en vivo!

Nómades de Xosé Tomás
Editorial Galaxia
Cómic
Historias de persoas enfrontadas á dureza da vida cun lastre engadido: a condición de ser muller. Mais unha melodía sobrevoa cada páxina como un desexo de “abrir os ollos e soñar”.

Aldebarán de Luiz Eduardo de Oliveira, Leo
Cómic
Planeta Agostini
O planeta Aldebarán, habitado por colonos procedentes da Terra, perdeu o contacto con ela. A necesidade da loita polas liberdades e a preocupación pola natureza atrápannos na lectura.




Confesiones de un joven novelista de Umberto Eco
Editorial Anaya
Antoloxía poética que recolle as voces de dezaseis poetas actuais que “buscan un novo lector comprometido coa palabra, coa literatura e a vida”.

Fantasmas de luz de Agustín Fernández Paz
Narrativa
Ed. Xerais
Damián leva toda unha vida sendo operador da cabina de proxección do Cine Soñadores, mais para el chega a excusión, a invisibilidade, coma unha fantasma de luz.

Welcome de Philippe Lioret
Cine
Un mozo kurdo-iraní atravesa a pé Europa. Foxe da loucura do seu país e persegue un soño, chegar a Londres a onde emigrou a súa namorada.

Cabeza de pelouro de Jean-Paul Nozière
Narrativa
Edit. Galaxia
Francia fora o paraíso que permitira a Zohra fuxir da barbarie integrista en Alxeria. Para Aicha, a súa filla, ser bacharel aos catorce anos... ,a esperanza. O irmán, Cabeza de Pelouro, a testemuña inevitable.

Febre de Héctor Carré
Narrativa
Ed. Xerais
A febre do Wolframio, unha enfermidade social onde hai moitos desgraciados, outros tantos aproveitados e tamén algúns negociantes que enriquecen a conta dos demais.





Confesiones de un joven novelista de Umberto Eco
Editorial Lumen.
O autor entusiasma con este ensaio dirixido á mocidade sobre o proceso da escrita da novela.

Unha lectora fóra do común de Alan Bennet
Editorial Rinoceronte
Narrativa
Tras visitar unha biblioteca ambulante, a raíña de Inglaterra descobre o pracer da lectura.

Pyongyang de Guy Delisle
Cómic
Editorial Astiberri
Documental en formato de historieta sobre Corea do Norte e a experiencia do autor nese país. De fondo, 1984 de George Orwell.

Casualidad de Pepe Montesión e Pablo Amargo
Álbum ilustrado
Bárbara Fiori
Un poema? Unha casualidade? “Unha desculpa dos que non entenden as cousas” ou como levarlle a contraria ao vento. Diferente. Fermoso.

La vida de los otros de Florian Henckel
Cine
Na Alemaña do Leste, antes da caída do muro, o servizo de espionaxe da Stasi debe espíar a unha parella de artistas. Magnífico filme para coñecer a Alemaña comunista.



A máquina de fazer espanhóis de Valtér Hugo Mãe
Editorial Alfaguara
Narrativa portuguesa
O mundo de Antonio Silva. Ironía e humor para reflexionar sobre os afectos, o eu, o salazarismo e a transición en Portugal.

Versos escollidos de Wislawa Szymborska
Edicións Positivas
Versión bilingüe
polaco-galego dunha selección de poemas das obras máis destacadas desta autora recoñecida co Premio Nobel. Reflexión e humor na súa ollada.

El imperio eres tú de Javier Moro
Cómic
Planeta
Obra histórica , autobiográfica e documental sobre Pedro I, emperador de Brasil. A realidade superando a ficción.

Todas as mulleres que fun de Andrea Nunes
Bríons
Poesía
Corsárias Creación
“Nós, um nós-outras”, todas as mulleres que fomos e somos, tecéndonos.Rebeldía, cuestionamento, liberdade. Inclúe videopoemas da Autora e Raquel Rei.

La llave de Sarah de Tatiana de Rosnay
Editorial Suma de Letras
Narrativa
París 1942. O arresto de 13.000 xudeus. A chave de Sarah abre as portas da redención.




Nebra. Historia dunha infamia de Xerardo Díaz
Fernández
Ensaio
Edicións do Castro
Narración dos trágicos acontecementos do día 12 de outubro de 1916 en Nebra.

Cervantes e o Quixote en Galicia de Xoán Pastor
Rodríguez Santamaría
Ensaio
Editorial Toxosouts
Información sobre a presenza de Cervantes e da súa novela en Galiza.

A toponimia do Concello de Porto do Son.
Bases para unha sistematización de Joaquín Torres del Río
Ensaio
Editorial Toxosouts
Amplio estudo toponímico sobre as dez parroquias de noso Concello.

Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes de Francisco Calo
Lourido
Ensaio
Edicións A Nosa Terra
Unha profunda e rigorosa investigación sobre as nosas tradicións mariñeiras, transmitidas de pais a fillos.

Os cruceiros de Porto do Son de Manuel Mariño del Río
Ensaio Editado pola Comisión de Festas do Carme 2005
Unha magnífica información sobre un cento de cruceiros, para facer unha rota cultural en tempo de lecer, e coñecer o noso patrimonio artístico.



Tesoros de papel de Quin Corominas
Fundación Caixa Galicia
Testemuña escrita dunha exposición de xoguetes de época: os libros tridimensionais e os xoguetes móbiles.


Luna Lunera de Rosa Regás
Narrativa
Editorial Plaza & Janés
Ante o avó moribundo algúns familiares lembran o pasado : un home autoritario que se cría enviado de Deus,unha nai que loita pola custodia dos fillos na posguerra española...

La boda del poeta de Antonio Skármeta
Narrativa
Editorial Debate
Matrimonio concertado entre un rico e bohemio banqueiro cunha fermosa moza co trasfondo dunha trágica lenda do antigo propietario do almacén...

La Casa de Dios de Samuel Shem
Narrativa
Editorial Anagrama
Catro recén licenciados en medicina, son aceptados para facer o ano de prácticas no prestixioso hospital la Casa de Dios, toda chea de venturas e desventuras...

Dulce dueño de Emilia Pardo Bazán
Editorial Castalia / Instituto de la Mujer
Derradeira novela da autora. Presenta clara e rotundamente a busca da felicidade, diso que encha por completo os desexos do corazón humano chamado Amor Ideal...





Amelia quiere un can
de Tim Bowley
Narrativa
Editorial Kalandraka
Non sempre o camiño máis curto entre dous puntos é a liña recta. É o que fai Amelia cando quere convencer o seu pai para adoptar un can.



Teño ganas de...
de Manuela Olten
Narrativa
Editorial Kalandraka
Abórdase con naturalidade e frescura o onde e o como dunha acción orgánica, a de orinar, que nenos e nenas fan de distinta maneira.




Un agasallo diferente
de Marta Azcona
Narrativa
Editorial Kalandraka
Tristán obsequia o seu amigo Marcel cun anaco de tea sobrando dunhas cortinas. Acabará descubrindo a cantidade de utilidades que pode ter un simple pano.




Unha eiruga moi larpeira
de Eric Carle
Narrativa
Editorial Kalandraka.
Unha eiruga, dende que sae do ovo ata que se converte nunha fermosa bolboreta. Os cativos fan un percorrido polos días da semana, os números, as froitas e outros manxares larpeiros.



Caracoles
de Armando Quintero e André Letria
Narrativa
Editorial OQO
Cinco relatos breves, relacionados pero independentes. E con imaxes que presentan situacións e personaxes coñecidos que é fácil identificarse e experimentar emocións.



A Xoaña rosmona
de Eric Carle
Narrativa
Editorial Kalandraka
Unha lección de boas maneiras. A mala educación da protagonista descubriremos a amabilidade da súa conxénere. Grazas e por favor non é parte do seu vocabulario.



Batalla de Naipes
de Juan Ignacio Pérez
Narrativa
Editorial Kalandraka
A través dos personaxes da baralla, créase esta aventura histórica, chea de humor e amor, que nos poñen de manifesto o absurdo das guerras.




En el colegio, at school
de Elisa Mantoni
Narrativa
Editorial Everest
Aprender inglés é fácil e divertido con este grupo de simpáticos animais. Todo o que podes realizar na escola, cos amigos... apréndeo en español e en inglés



El hueso perdido de Sherlock
de Dawn Bentley
Narrativa
Editorial Montena
Onde estará o óso de Sherlock? Hai que montar o quebra-cabezas de doce pezas! Aprenderán que comen os animais mentres axudan a Sherlock.



O meniño Nito
de Macus Romero
Narrativa
Editorial OQO
Os homes choran ou non? Este dilema tráelle a Nito non poucos problemas. Por fin, coa axuda do Doctor Aymoré, consegue resolver as súas dúbidas. Inclúe DVD.



A máxica historia do Ratiño Pérez
de Fidel del Castillo
Editorial Rodeira
Un clásico sobre a historia do rato Pérez. Neste conto descubrirás que fan os ratos con todos os dentes dos nenos/as.



A moeda de ouro
de Marcos Ta e Simón Espinosa
Narrativa
Editorial Nova Galicia Edicións
Amancio é un neno que vai a unha festa cunha moeda de ouro pero ao pasar polo río pérdeala e entón...



Yared e a reciclaxe
de Pablo Álvarez e Meli Sánchez García
Editorial Nova Galicia Edicións
Conto divertido para ensinar aos nenos/as a importancia de reciclar.




Curro, un castor trabador
de Rocío Antón e Lola Núñez
Narrativa
Editorial Edelvives
Cada noite, baixo a luz das estrelas un vello carballo conta unha historia. Esta vez trata dun castor que pasa a vida traballando ata que un día...



Nariz de Ouro
de Raquel Saiz
Narrativa
Editorial OQO
Eduardíño, un neno cun nariz diferente, ensinaranos o importante que é respectar os demais.




O pan
de Teresa Sabaté e Carme Solá
Narrativa
Editorial Baía Edicións
O pan é un alimento que comemos a diario pero...sabemos como de fai? Cantos tipos hai?



Océanos e mares
de Nicola Davies
Narrativa
Editorial Baía Edicións
Divertido.Descubre o impresionante mundo dos mares e océanos cunhas fotografías asombrosas. Inclúe algunhas manualidades.




Vitor pónse a remollo
de Pasqual Alapont
Narrativa
Editorial Xerais
A historia de Vitor, un rapaz ao que lle encanta ir á casa dos seus avós.




Xelo o carteiro xurelo
de Mao
Narrativa
Editorial Xerais
Divértete e coñece diferentes nomes de peixes percorrendo distintos lugares, entre eles, o Castro de Baroña. Inclúe actividades.



Mira que paso!
de Anne-Claire Lèveque
Narrativa
Editorial Kalandraka
Pensaches algunha vez en cambiar o modo de camiñar? Neste libro temos moitas ideas divertidas...



Versos piratas, piratas en verso
de Ana Alonso
Poesía
Editorial Anaya
A todos nos gustan os piratas: as patas de pau, os mapas e os seus tesouros fan voar a nosa imaxinación. Ademais, poden ser moi divertidos.



Galeoke
Música
O Galeoke é un xogo de karaoke. Con este xogo, practicas a fluidez lectora, o canto e o coñecemento da música galega. Vale calquera tipo de computador.



Os negocios do señor Gato. Contos e rimas felinas
de Gianni Rodari e Montse Ginesta
Editorial Xerais.
Pode haber algo máis suculento ca un rato en lata? É o que o señor Gato pretende vender na súa flamante tenda de alimentación.




Rosalinde tiene ideas en la cabeza
de Christine Nöstlinger
Narrativa
Editorial Alfaguara
Rosalinde ten un furado nos calcetíns, unha venda no xeonllo... Os que a rodean fíxanse en case todo, menos nas súas ideas. Só o seu avó coñece as que ten na cabeza.



Una vida como la mía
de Jorge González Batlle
Narrativa
Editorial Blume e Unicef
No mundo os nenos viven as súas vidas de maneiras diferentes e fascinantes. Fronte a numerosos retos, todos teñen algo en común: a paixón pola vida.



O meu gato é un poeta
de Fran Alonso
Poesía e música
Editorial Xerais
Poesía visual, xogos de palabras, caligramas, música e novas tecnoloxías para conseguir unha proposta poética fresca e divertida.



Ojos de botella de anís
de José Cañas
Teatro
Editorial Everest
Espanta protexe a primeira gran colleita de trigo dun mozo campesiño. Algunhas espigas séntense protexidas, mais outras dubidan da súa eficacia.




Kika Superbruxa revoluciona a clase
de Anna Vila
Narrativa
Editorial Bruño
Desde que atopou un libro de maxia, a Kika encántalle facer feitiços, aínda que ás veces estes teñen consecuencias inesperadas. Quizais axudando á mestra...



Arañas a medianoche
de Dagmar Mueller
Editorial Edelvives
Cando a súa amiga decide facer unha acampada só de chicas, Daniel enfádase. Pero a seu pai ocoreselle algo que as pode fastidiar un montón.



Cucho, Coco e o dilema do 6
de Tino Antelo
Teatro
Editorial IGAEM
Ter seis é un bo comezo para cuestionarse, e Cucho e Coco así o fan, a relatividade do seis dependendo de como se mire, ou de quen conte o seu conto.



As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas
de Carlos Casares
Teatro
Editorial Galaxia
Esta é unha historia moi divertida para ler e representar e... con moito zume.



El-rei Artur e a abominable dama
de Marilar Aleixandre e outros
Teatro
Editorial Ir Indo
El-rei Artur percorre camiños e pontes, vilas e mercados para resolver un enigma: que é o que máis desexan as mulleres?



Alberto y las palomas mensajeras
de Anna Vila
Narrativa
Editorial Anaya
Coma case todos os rapaces, Alberto quere un móbil para o seu aniversario, pero o seu avó regálalle dous ovos de pomba mensaxeira....



O buzón dos nenos
de Úrsula Heinze
Narrativa
Editorial SM
Bea e Amaia son dúas amigas que deciden crear un club. Colocan un buzón nunha árbore para recibir cartas dos demais nenos. Estas cartas levaranas por un feixe de aventuras.




A chave da Atlántida
de Anxo Fariña
Narrativa
Edicións Xerais
Se vos gusta o mundo da ciencia-ficción, este libro seguro que tamén vos gusta... Eva e Fran tentarán descifrar os segredos que agochan uns vellos pergameos.



20.000 leguas baixo dos mares
de Jules Verne
Album ilustrado
Baía Edicións
Versión ilustrada e abreviada dun clásico da literatura xuvenil. O misterioso capitán Nemo navega polo fondo do mar a bordo do Nautilus...



Xela volveuse vampira!
de Fina Casallerrey
Narrativa (libro+DVD)
Baía Edicións
E se algunha das vosas profes se volve vampira? Que medo! Pois algo moito peor era o que lle ocorría a Xela, a mellor mestra do mundo para os seus alumnos-as...



Cantarolas
de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas
Poesía
Edicións Xerais
Anisia e Xosé xuntaron as súas letras para crear un conxunto de poemas cheos de ritmo e musicalidade, onde amosan o profundo amor pola súa terra, Cuba e Galicia.



A Caza do Ghazafello
de Denis M. Marcos
Paino e outros
Narrativa e música (libro+CD)
Edicións Xerais
Mestura de palabras, debuxos e música... Que é un ghazafello? Quen é Pedro o Chosco? Iso e moito máis poderedes atopalo nuha fraga máxica chea de fantasía e...música!!



Así fan os bailadores...
de Juan Parga e outros
Música (CD+DVD+libro)
Editorial Dos Acordes
Unha compilación de bailes e danzas que vos poden servir como iniciación ao baile galego. Podedes ver como bailan rapaces coma vós. Juan Parga é mestre no CEIP de Campanario.

Proposta orientativa realizada por:
Biblioteca Pública Municipal
"Xerardo Díaz Fernández".
Bibliotecas escolares dos centros
de ensino público de Porto do Son:
EEI de Caamaño,
EEI de Carballosa,
CEIP de Campanario,
CEIP de Portosín,
CEIP de Queiruga,
CEIP de Sobrado-Nebra,
CEIP de Xuño,
IES de Porto do Son.

Esta guía pódese consultar en:
<http://portodoson.org>
<http://centros.edu.es/ceipdeportosin>
<http://ceipnebra.blogspot.com>
<http://etikeles.blogaliza.org/>



Edita: Concello de Porto do Son.
Deseño: Alfonso Pérez Moreno. Dpto. Artes Plásticas.
IES de Porto do Son.